



Novas de Mesía

CULTURA E DEPORTE

FESTA DE NADAL

O Concello colaborará coa Festa de Nadal que organizarán as Escolas Unitarias de Olas e Visantofña o día 12 de decembro para os nenos e nenas. Esta festa terá lugar na Casa da Cultura, onde os máis pequenos poderán entregar as súas cartas para os Reis Magos e serán agasallados con caramelos.

ACTIVIDADES DE NADAL NO CPI DE XANCEDA

O vindeiro **19 de decembro** o Apalpador visitará os nenos e nenas de infantil e de primaria do CPI de Xanceda. Haberá contacontos e reparto de caramelos. Os rapaces e as rapazas da ESO poderán gozar dunha sesión de Zumba de Nadal, onde bailar e divertirse.

XOECON DE NADAL

Días: O 23, 26, 30 de decembro e 2 de xaneiro.

Horario: de 10:30 a 13:30 h.

Lugar: Casa da Cultura.

Idades: de 3 a 12 anos.

ACTIVIDADES:

- Martes 23: Taller de Nadal e Conto de Nadal.
- Venres 26: Xogos en Inglés e Taller de Nadal.
- Martes 30: Baile de Nadal e Xogos.
- Venres 2: Cociña de Nadal e Xogos.

Inscripcións: Casa da Cultura de Xanceda antes do 19 de decembro.

Prazas: Mínimo 15 nenos e máx. 40.

Actividade gratuíta. Podedes anotarvos días soltos.

CACHIBOL DE NADAL

Días: O 23 e 30 de decembro e o 5 de xaneiro.

Hora: de 11:00 a 12:30 h.

Lugar: Pavillón de Olas.

Actividade gratuíta e aberta a todo o que queira, non só aos anotados no cachibol anual.

É aconsellable ir en compañía de fillos, netos, outros familiares e veciños para que o xogo sexa máis divertido.

FESTA DE REIS

Día: 5 de xaneiro.

Horario e Lugar: 16:30 a 20:00 h. no Pavillón de Xanceda.

Os Reis Magos visitarannos e entregarán caramelos e agasallos a todos/as os/as nenos/as. Ademais haberá unha festa con inchables, xogos, talleres etc.; e non faltará o tradicional roscón de Reis.

É necesario que **vos anotedes canto antes** na Casa da Cultura para que os Reis conten con vós.

VII TORNEO DE FÚTBOL SALA MESÍA CONTRA O CANCRO

Día: Domingo, 28 de decembro de 2014.

Horario-Lugar: De 10:00 a 20:00 h. Pavillón de Olas.

Todo o recadado coas achegas de particulares, empresas, equipos e asociacións será entregado á favor da Asociación Española Contra el Cáncer.

Información e FURNA DE DOAZÓNS no Concello.

SAÍDAS

SAÍDA AO XUVENLUGO (LUGO)

Día: Luns, 22 de decembro.

Hora: De 15:00 a 21:30 h. (Saída e chegada: Casa da Cultura)

Idade: Todas as idades. **Importante:** Os menores de 8 anos deberán ir cun adulto que se responsabilice deles. Para os demais, cómpre autorización asinada dun proxenitor.

Prezo: 3 € para nenos/as e adultos acompañantes.

Características: Visita ao Salón de ocio infantil e xuvenil situado no Pazo de Congresos de Lugo. Atraccións de todo tipo e tamén un espazo infantil para os máis pequenos (de 0 a 3 anos). Hai outras como minigolf, karts ou piscina con barquiñas DE PAGO.

Observacións: Pódese levar un bocadillo para merendar ou mercalo en Xuvenilugo.

INSCRIPCIÓNS: Ata o 19 de decembro na Casa da Cultura. PRAZAS LIMITADAS!

EXCURSIÓN: PATINAXE SOBRE XEO E CINE

Día: Luns, 29 de decembro.

Horario: De 10:30 a 19:30 h (saída e chegada: Casa da Cultura). A saída será ás 10:45 en punto.

Idade: Para patinar, a partir de 5 anos. Os menores de 12 anos deberán ir cun adulto que se responsabilice deles; para os demais, os pais terán que asinar unha autorización.

Características: Patinaxe no Marineda City, cómpre levar luvas (obrigatorias), pantalón e calcetíns de reposto.

Comeremos neste centro comercial. A comida non estará incluída. Pódese levar da casa ou mercala alí.

Prezo: Patinaxe: 3,50 € para todos; Cine: 3 € para os/as nenos/as empadroado/as, 4 € para os adultos que acompañen os/as nenos/as. Cine no Espacio Coruña. Pagarase antes do día da saída.

INSCRIPCIÓNS: ata o 23 de decembro Casa da Cultura.

SAÍDA Á NEVE, LEITARIEGOS

Data: 25 de xaneiro do 2015.

Horario: Saída ás 4:00 da mañá da Praza do Concello.

Idade: A partir de 5 anos. Menores de 16 anos acompañados por un adulto responsable.

Prezos: Entrada á pista 43,50 € (se sabe esquiar) e 37,50 € se non, e 35 € para os menores de 14 anos.

Aluguer: 29,50 € aos menores de 14 anos e 23 € ao resto.

Anotarse antes do 17 de xaneiro na Casa da Cultura.

NOTA: En todas as saídas terán preferencia os/as empadroados/as.

EDUCACIÓN - FORMACIÓN

CURSO PARA OBTENER O GRADUADO EN ESO

Se estás interesado/a no curso de preparación para obter o graduado en Educación Secundaria Obligatoria (ESO) anótate na Casa da Cultura. En canto se forme grupo comezaremos o curso.

Prezo: 25 € ao mes.

CURSO DE BENESTAR ANIMAL

Curso destinado a persoas que traballen en explotacións gandeiras ou outro tipo de granxas, e tamén para persoal de matadoiros ou transportistas.

Duración: 20 horas.

Prezo: 50 € cun mínimo de 12 alumnos/as.

O curso comezase unha vez se forme grupo. Anotarse na Casa da Cultura.

Tamén vos podedes anotar ao CURSO DE APLICADOR DE FITOSANITARIOS e se hai xente interesada poñerase data.

ACTIVIDADES CON PRAZAS DISPONIBLES

INGLÉS PARA ADULTOS

O Curso de Inglés para adultos xa comezou o pasado mes de novembro, pero se estades interesados en participar aínda quedan algunhas prazas dispoñibles. Trátase dun curso de perfeccionamento do inglés para preparar o exame oficial de inglés B1, necesario para obter o título universitario.

Horario: Venres, de 20:00 a 22:00 h.

Prezo: 35 € ao mes. Duración ata maio.

Inscripcións: Casa da Cultura. **Só durante o mes de xaneiro.**

CLASES DE MÚSICA

Aínda quedan prazas dispoñibles para participar na actividade de Música dirixida aos nenos/as **dende os 7 anos en adiante**. Nesta actividade os nenos e nenas aprenden **teoría e linguaxe musical** e, máis adiante, **práctica instrumental**.

Horario: Os mércores de 16:15 a 17:15 h.

Lugar: CPI de Xanceda.

Prezo: 15 € ao mes.

Anotádevos canto antes na Casa da Cultura.

INFORMÁTICA BÁSICA PARA ADULTOS

A mediados de xaneiro comezará o curso de informática básica na Casa da Cultura. Se estades interesados/as aínda vos podedes anotar e farase un segundo grupo.

Horario: 1 hora e media á semana.

Prezo: 20 €

Duración: Un mes.

CURSO DE MONITOR DE TEMPO LIBRE

O próximo mes de febreiro está previsto comezar o curso de Monitor de Tempo Libre, se estás interesado/a en participar aínda te podes anotar na Casa da Cultura ata o 15 de xaneiro do 2015.

Duración: 200 h teóricas e 150 prácticas.

Data e horario: As fins de semana durante 2 meses.

AVISOS

CAMPAÑA ESQUÍ 2015

Xa está aberto o prazo de solicitude dunha das tres prazas dispoñibles na Campaña de Esquí 2015 da Deputación. Nesta campaña poden participar os rapaces e rapazas que naceran no 2001, 2002, 2003, 2004 e 2005.

Debedes anotarvos antes do 19 de decembro no Concello, aínda que a actividade se realizará do 20 ao 22 de febreiro do 2015.

Máis información na Casa do Concello.

PUNTOS DE RECOLLIDA DE ACEITE USADO

O Concello de Mesía acaba de instalar un punto de recollida de aceite doméstico usado na Casa da Cultura.

O aceite debe ser colado e introducido nunha botella para evitar derrames. Despois débese depositar a dita botella nun depósito situado no interior da Casa da Cultura. Proximamente instalaranse novos puntos de recollida noutras zonas do municipio. Deste xeito contribuímos todos á reciclaxe deste residuo tan contaminante e á conservación do medio ambiente.

HORARIO CASA DA CULTURA - ESPECIAL NADAL

Os días 24, 31 de decembro e o 5 de xaneiro a Casa da Cultura abrirá só polas mañás.

XUNTANZA DO NADAL

Día: Domingo, 21 de decembro.

Lugar: Restaurante Aldeola en Malpica.

Prezo: 25 €

Información e inscrición: Servizos Sociais; teléfono 981 68 72 38.

ACTIVIDADES DOUTRAS ENTIDADES

Acto de presentación da primeira **Cooperativa Enerxética Galega**. Esta cooperativa darase a coñecer aos cidadáns cunha charla informativa na Casa da Cultura o **vindeiro 8 de xaneiro ás 17:00 da tarde**. Poden acudir todas as persoas interesadas.

O alcalde, toda a corporación do Concello de Mesía e os traballadores municipais deséxanlles Bo Nadal e un Feliz Aninovo 2015.



Concello de Mesía

